



A FORZA das IDEAS

DOCUMENTACIÓN
Informe-balance
de xestión

**XII Asemblea Nacional
de Esquerda Unida**

WWW.ESQUERDAUNIDA.ORG



XII Asemblea Nacional de Esquerda Unida

INFORME Á XII ASEMBLEA NACIONAL DE ESQUERDA UNIDA	1
<i>Desde a XI Asemblea Nacional a hoxe</i>	<i>1</i>
<i>AGEE</i>	<i>3</i>
<i>Do 20D ao 26X</i>	<i>3</i>
<i>Das Mareas en Común ás Eleccións Autonómicas do 25S</i>	<i>5</i>
<i>EU no marco do debate estratéxico de IU</i>	<i>6</i>
<i>A nosa organización nestes catro anos</i>	<i>9</i>
<i>A Galicia de hoxe</i>	<i>9</i>
<i>A perspectiva política para unha Galicia do futuro</i>	<i>12</i>

INFORME Á XII ASEMBLEA NACIONAL DE ESQUERDA UNIDA

Queridos e queridas compañeiras:

O informe político que hoxe presento a esta Asemblea, en nome da Comisión Executiva de EU, é unha aposta por realizar un balance do acontecido no noso país durante este catro anos, un apuntamento da realidade de Galicia neste momento e, máis fundamentalmente, unha clarificación sobre a perspectiva política e os retos que temos que afrontar na nosa organización nesta nova fase.

DESDE A XI ASEMBLEA NACIONAL A HOXE

Como coñecedes sobradamente, a anterior asemblea parte da creación e o triunfo de Alternativa Galega de Esquerda. Deuse no marco de consolidación inicial de AGE e, posterior crise do Grupo Parlamentario de AGE:

AGE, foi un experimento exitoso, pero como valoramos no seu momento, imperfecto como tal coalición electoral “*in extremis*” e limitada nos seus obxectivos estratéxicos.

Aínda así lembremos os resultados electorais: 200.000 votos, o 13,9% , 9 deputadas, presenza en todas as circunscricións e 5 deputados de EU. Un éxito electoral en toda regra, a pesar das dificultades de tratarse dunha coalición improvisada. Fixemos unha campaña excelente e rompemos o marco político galego.

Con todo, inmediatamente vimos as dificultades dese marco de coalición, con contradicións en Anova e EU e a posterior crise do Grupo Parlamentario de AGE.

Aínda así para EU foi un triunfo indiscutible e así o valoramos, porque alcanzamos representación parlamentaria en tres circunscricións, tivemos unha portavocía relevante e un papel político transcendente, pero tamén polo impacto no marco político xeral que supuxo , a expresión electoral do que xa se movía na sociedade.

Con todo , AGE non recollía todas as potencialidades que nos meses seguintes aparecerían.

No seu momento, valoramos que AGE contiña contradicións que, o tempo resaltaría. Aquelas potencialidades foron languidecendo a pesar da importante tarefa parlamentaria. As causas foron varias pero unha foi clave: o impedimento por parte dos aliados electorais de desenvolver AGE na sociedade , entrando en dinámicas de competición interna e non en prácticas de cooperación para profundar no espazo de mestizaxe que en cambio, puxeramos en valor na campaña.

Efectivamente, como expuñamos na Resolución aprobada na XI Asemblea Nacional

“(...) A irrupción de AGE no Parlamento de Galicia só pode ter sentido se o proxecto se consolida desde as bases, desde a elaboración programática, e desde o convencemento de que aínda temos que seguir sumando forzas se queremos contrarrestar o imperio e colonización do capitalismo e que se manifestan en todos os eidos da nosa vida (...)”

O anterior non debe entenderse senón como un balance das limitacións de orixe de AGE , non como un cuestionamiento da aposta que EU debía facer no seu momento con carácter estratéxico; que foi un acerto, tal e como referendou a cidadanía e a XI Asemblea de EU. E iso, non só pola coherencia coas resolucións da X Asemblea e da Asemblea de Refundación de EU, senón pola práctica política levada a cabo en Galicia e no contraste nos seus resultados.

Pero interesa máis deternos en analizar que aqueles resultados electorais non eran senón a primeira manifestación dunha mutación profunda dos espazos electorais clásicos desde a transición política do 78, como consecuencia do 15M, que os anos posteriores deixarían moi claro .

Estes espazos serán, tamén, resultado de mobilizacións moi relevantes e que non podemos obviar, a convocatoria de tres folgas xerais contra os gobernos do Bipartidismo.

Efectivamente compañeiras: o 15 M como analizamos reiteradamente neste tempo, cambiouno todo: a percepción da política en amplísimas capas da cidadanía, a irrupción de novas xeracións na política, a reactivación despois de anos da mobilización social con novas contradicións e novos paradigmas interpretativos da realidade, a crise dos consensos da transición política e o consecuente cuestionamiento da hexemonía do bipartidismo, etc.

Aquela mutación en Galicia, non foi senón o anticipo dunha de maior transcendencia: as eleccións europeas de 2014, polo que aos resultados de PP e PSOE fai referencia, o xurdimento de Podemos (unha formación política creada facía só 3 meses e que obtivo 5 deputados) paralelamente a un bo resultado de IU.

Compañeiros e compañeiras: este tempo rebelou unha crise profunda, estrutural, dos espazos políticos clásicos da esquerda galega.

A envergadura da irrupción deste novo espazo político en Galicia maniféstase dunha maneira evidente: a crise profunda do que fora o espazo electoral e político do nacionalismo do BNG e , non menos importante, a crise da socialdemocracia galega do PSG. Podemos afirmar que a resposta diferenciada a esas dúas crises, non virá de operacións cosméticas nin de cambios nas marcas.

En Galicia, como no conxunto do Estado, AGE xerou un debate político e foi unha referencia acerca de se as seguintes eleccións municipais debían constituír o seguinte fito do proceso de ruptura democrática ao que asistíamos. Actores principais xa do escenario político, como Podemos mantiñan serias dúbidas respecto diso.

É nese contexto, é que xorde un movemento desde abaixo, seguindo o ronsel de Guanyem BCN, que responde a unha mesma necesidade de sentar as bases dunha política alternativa

de ruptura democrática e de empoderamento cívico desde as cidades coa irrupción en Galicia das mareas municipalistas (entre outras Marea Atlántica, Compostela Aberta, Ferrol en Común).

A irrupción destas mareas municipais configurou un novo reto para EU e as forzas aliadas, o cal, soubemos afrontar non sen múltiples dificultades e contradicións. A coalición electoral **Son** permitiu sortear as eleccións municipais atendendo ás diferentes realidades políticas. Así, soubemos formular espazos municipais con fórmulas de mestizaxe política e, outros nos que , respectando a diversidade de espazo municipal tanto EU, como Anova e outros actores logramos ter o protagonismo obvio nesas plataformas electorais.

A irrupción das mareas municipalistas efectivamente, redefiniu o espazo político do que vimos falando, poñendo en crise os límites políticos aos que aludimos, incorporando novos suxeitos, novos liderados, novas contradicións como consecuencia da maior pluralidade , pero tamén de maior potencialidade. Eses novos actores políticos viñeron para quedar e configuraron noutro terreo o novo espazo.

Coas Mareas todo púxose patas para arriba e crebouse, nin máis nin menos, que a hexemonía local do PP na Galicia urbana, pero tamén a do último reduto do PSOE: en definitiva a especificidade galega da crise do bipartidismo.

Aínda hoxe quizais, non valoramos suficientemente a enorme transcendencia política das mareas no noso país. Iso é así, non só polo seu impacto político, non só pola quebra bipartidista senón , sobre todo, porque as Mareas son expresión máis acabada e completa no social, político e electoral do espazo da alternativa e da ruptura democrática.

Tan transcendente foi o impacto político da irrupción das candidaturas municipais do cambio en Galicia e no Estado, que provocou o debate acerca de buscar unha alternativa global para unhas eventuais eleccións xerais anticipadas ou non.

AGEE

As forzas que compoñíamos AGE (*EU, Anova, Espazo Ecosocialista e Equo*) acadamos un acordo político para concorrer ás eleccións ao parlamento europeo conxuntamente. Así foi que, o número cinco da lista da Esquerda Plural sería ocupado por unha persoa designada por Anova. Co pretexto de afortalar e consolidar AGE, demos un paso máis que non foi o esperado . Tal e así que, en recentes datas, fomos informadas por IU que esta persoa decidiu abandonar a Izquierda Plural, atopándose na actualidade (*por decisión propia*) fóra do mesmo. Este feito rompe de facto o devandito acordo político e debe facernos repensar o modo de concurrencia ás vindeiras eleccións europeas .

Do 20D Ao 26X

Iniciouse entón un debate que repercutiu especialmente no seo de IU e de EU tamén.

Foi un momento de dificultades entre nós, de debate interno en EU ante unha situación dialéctica: EU que fora con AGE *avanzadilla* de EU en relación ás confluencias, propugnou xunto ás compañeiras de EUiA e outras federacións un horizonte de confluencia que non foi posible no conxunto do estado. As dificultades obxectivas (*unha nova forza emerxente e potente, Podemos*) para alcanzar o acordo estatal, provocaron uns meses de interiorización tanto en IU como en EU que se saldou coa aprobación da resolución no CPF dando apoio á singularidade de EU, ratificada posteriormente vía referendo. Convén reter este dato, en canto a fórmula para resolver en diferentes etapas deste tempo os debates políticos.

Así, a negociación da nova coalición electoral que se pasará a chamar En Marea non foi fácil. Foron meses longos nunha negociación difícil que culminou na *Declaración de Mazarelos* en outubro do 2015 que tivo como resultado unha coalición electoral con portavocías corais e rotatorias, con repartición igualitaria de recursos entre as partes. E non menor, foi conseguir denominación específica para Galicia e propugnar grupo parlamentario propio. En definitiva, un salto cualitativo no político en termos de novo espazo político.

No entanto, non podemos eludir (como valoramos no seu momento no informe político ao CPN) que esta negociación tan complexa e difícil xerou un lexítimo debate ao redor da resultante final do acordo e ás contradicións de procedemento e participación no seo de EU, como outras cuestións non menos conflitivas.

A aposta por manter as confluencias alí onde fose posible nas eleccións do 20D tivo como resultado ser primeira forza política en Catalunya e segunda forza en Galicia obtendo 410.000 votos, seis deputadas e dous senadores. Por vez primeira, EU obtivo representación no Congreso dos Deputados e no Senado.

Este foi quizais o mellor momento do novo espazo político. Irrompemos cunha campaña orixinal, potente, que ilusionou a gran parte do electorado. Unha campaña que afrontamos sen contraer débedas cos bancos, nin para EU e permitiu maior presenza institucional, outorgando maiores recursos de toda orde para a nosa organización.

Cando a situación política provocou a convocatoria das segundas eleccións xerais en 6 meses, o 26 X, neses meses de intervalo, abordamos un debate na coalición de especial dificultade por dúas razóns: unha, polos elementos de deslealdade entre os coligados (*registro ante o Ministerio de Interior dun partido co nome En marea, sen consulta e información aos coligados*) e os intentos de transformar mecanicamente a coalición nun partido instrumental. Mantivemos as posicións políticas e concorremos finalmente como coalición electoral igual ao 20D.

A pesar destas dificultades de orde interna na coalición, así como o feito da repetición electoral, afrontamos unha campaña cunha situación interna en EU máis firme, dado que IU pechou acordo electoral estatal con Podemos e outros. Acordo que contemplou, novamente, a singularidade galega e catalá.

Aínda que, os resultados electorais avalaron esta política de converxencia, o desacerto dalgunhas medidas adoptadas en campaña electoral (non realización de *mailing*, entre outros) *coadxuvaron* á perda do deputado por Ourense e o senador pola Coruña.

Con todo, o resultado foi moi relevante: 344.143 votos, o 22,18% (25 % en decembro). Obtivemos cinco deputados e unha senadora, mantendo EU a representación obtida en decembro do 2015.

A diversa lectura do 26 X por parte das diversas forzas políticas coligadas levou, con toda probabilidade, ao debate sobre as limitacións que mostrara o proceso, a campaña electoral, e a perspectiva máis necesaria cara ás autonómicas que, sabiamos inmediatas.

DAS MAREAS EN COMÚN ÁS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DO 25S

EU entendeu que o marco máis adecuado para resolver as limitacións mostradas ata entón nos procesos de elaboración de coalicións electorais en Galicia era a participación no proceso de Mareas en Común. Volcámonos niso, sendo a única forza política que o fixo. Teorizámolo porque entendemos que ese proceso participativo de Mareas en Común ía determinar a nova fase para afrontar as eleccións autonómicas de setembro de 2016. Pero, sobre todo, convencidas de que o cambio político había de vir desde abaixo, desde o municipal, en horizontal, en cooperación con outros actores e incluíndo a todos os actores do cambio político para vertebrar unha transformación de fondo en Galicia.

Neste proceso ensanchamos o suxeito político co que afrontar as eleccións autonómicas, cun novo modelo de participación cidadá, coa metodoloxía de primarias, entre outros aspectos relevantes.

Certo é que a non incorporación de Anova e Podemos ao proceso de Mareas en Común dificultou o proceso e, puxo, novamente, en crise o espazo de cambio que foi resolto en xullo do 2016 coa intervención dos alcaldes do cambio mediante o chamamento formulado e o Manifesto dos alcaldes do cambio referendado na Asemblea de En Marea en Vigo en xullo 2016. Asemblea exitosa pero que con perspectiva, require debater con tempo os procesos de participación tanto, no programático canto na elaboración de candidaturas, porque querendo como queremos métodos participativos para a conformación das candidaturas, non é menos certo que estas non deben afrontarse como competitivas entre espazos diferenciados e, de ningún modo as distintas sensibilidades deben quedar excluídas, como sucedeu cos espazos das mareas municipalistas que non obtiveron representación algunha.

En Marea acudiu ás eleccións autonómicas e os resultados, sen ser os esperados, situaron a En Marea como segunda forza política en votos, empatada co PSG en escanos e cun % 19,07 % e 271.000 votos. Aínda así non alcanzamos o obxectivo político que nos fixamos. Nestas eleccións o marco discursivo cambiou afastándose do primixenio e o mellor das mareas, no programático e unha campaña afastada da épica á que nos adoitamos desde as orixes en Alternativa Galega de Esquerda.

As demais forzas clásicas da esquerda galega continuaron na súa crise (PSG) e a pesar da lixeira recuperación de BNG, non logrou romper a súa crise política e electoral (*perdeu deputados*) demostrando que a súa crise é de carácter estrutural .

EU NO MARCO DO DEBATE ESTRATÉXICO DE IU

Compañeiros e compañeiras, neste tempo o debate da nosa organización veu condicionado en gran parte por un debate estratéxico que, tamén, atravesou ao conxunto de IU.

O noso debate, ás veces visto como compulsivo, no fondo foi o mesmo debate que condicionou a estratexia de IU Federal. Ese debate, tivo 3 momentos clave: as eleccións europeas de 2014, as candidaturas municipais e a parlamentos autonómicos ao encontro da unidade popular no marco das resolucións da IX Asemblea de IU e, finalmente, o momento de abordar o peche ou non dun acordo con Podemos o 20D. Ese debate que encabezou en IU Federal Alberto Garzón, ao aceptar encabezar a nosa candidatura ás eleccións xerais.

O debate, certamente nada fácil sobre estas cuestións estratéxicas, provocou desgarrs en IU que finalmente se resolveron mediante o voto da afiliación e así abordamos a campaña do 26 X na que concorreremos como Unidos Podemos.

A XI Asemblea de IU fixo en excelente exercicio de análise crítica e autocrítico desta fase que nos ocupa e así ratificou de maneira clara seguir por esta senda.

A elección de Alberto Garzón como novo coordinador de IU e a elección tamén de nova Comisión Executiva federal profundamente renovada culminou e pechou en gran medida a fase difícil que, obxectivamente, atravesamos nestes anos.

Reteñamos para volver despois sobre iso como os procesos participativos e democráticos, non sempre fáciles, son o método máis adecuado para resolver as nosas contradicións.

Compañeiras,

Deste tempo convulso sacamos valiosísimas ensinanzas que son as que nos deben orientar no futuro e que hoxe, quero someter á vosa consideración sequera sexan, as máis relevantes:

1.a.i. Como sancionamos nos nosos informes políticos e nas resolucións aprobadas na anterior Asemblea Nacional e nas pasadas eleccións municipais e, como fixo IU, tamén, a aposta de EU pola unidade popular é estratéxica e sobre a mesma non caben retrocesos. EU debe estar en todos os espazos nos que exista conflito social, nas ANPAS, nas mareas verde e branca, nos colexios profesionais, nos comités de empresa, nas organizacións feministas, na defensa polos DD.HH, a PAH, o que nos permitirá avanzar na construción dun bloque social e, tamén político que permita gobernar máis pronto que tarde, para e coa maioría social. Pero non só polos nosos debates políticos, senón pola propia praxe e resultados que nos ensinaron que a acumulación de forzas e, polo tanto, a mestizaxe é imprescindible para o cambio político e a ruptura democrática no noso país.

1.a.ii. Afrontamos un enorme reto político e organizativo. No seu momento, tivemos audacia e a nosa organización soubo estar á altura dun tempo moi difícil e complexo. Pasamos de ser unha organización pequena, extraparlamentaria, a unha organización consolidada en Galicia, con representación institucional en todos os ámbitos (local, nacional e estatal) e con presenza en practicamente todas as comarcas. Unha organización co aporte dun nutrido corpo de cadros políticos medios e intermedios que coordinou a secretaría de organización. Unha organización con presenza real nos movementos sociais, ben sexan, sindicatos, ONG...

1.a.iii. Unha organización consolidada financeiramente, sen débeda algunha, dotada de recursos propios, sen dependencias económicas alleas que, á súa vez, practica a plena solidariedade con IU Federal. E logramos todo iso, sen que a nosa cultura política e ética fixese que vivísemos como organización por encima das nosas posibilidades. Sen converternos en ningún caso nunha organización de profesionalidade política.

1.a.iv. Unha parte relevante dos ingresos de EU provén do cumprimento da carta financeira por parte dos nosos cargos públicos, aínda cando temos que recoñecer que este cumprimento non é completo e debe ser mellorado na próxima etapa.

1.a.v. EU deu un salto relevante en materia de comunicación externa e interna. Adaptándose coherentemente, ás esixencias dos novos tempos. Interna, co manexo das posibilidades que ofrece a UAR vía telemática, mail, SMS e outras e; externa, dando cobertura transversal a todas as accións executadas non só nos espazos de unidade, senón mantendo unha liña de comunicación da propia actividade política de EU en todas as canles e redes. Hoxe non se concibe a comunicación política sen aporte e influxo das ferramentas web 2.0. Unha parte fundamental da proxección da organización no ámbito público é a través das redes sociais: Facebook, Instagram, twitter, web. Nestes catro anos, no que atinxe á comunicación, permitiu unha maior visibilidade *on line* de EU que supuxo un incremento do 152% de seguimento no Facebook e un 164% no twitter. A páxina web recibe unha media de 87 visitas diarias, o que supón máis de 2700 visitas ao mes.

1.a.vi. O paso dado para a consolidación do noso espazo político organizativo e institucional soubemos trasladalo ao foco de participación constante que son as tecnoloxías dixitais. Deste xeito, sentamos as bases dun espazo no que a participación vén marcado pola liberdade formal e un proceso de construción horizontal.

1.a.vii. EU, a diferenza doutros tempos, é hoxe un factor de intervención política real na Galicia deste tempo. Para ben e tamén para mal, a comunicación de EU na vida política galega supón presenza mediática relevante como experiencia desa influencia política en Galicia.

1.a.viii. Tras temores e enconados debates, a nosa práctica política demostrou que EU non se diluíu nos espazos de unidade, senón que esta reforzou o noso proxecto político,

hoxe compartido con outros. A unidade ensinounos que non só nos multiplicamos no colectivo, senón que as partes resultan ao final, máis fortes.

1.a.ix. Aprendemos, á súa vez, das nosas limitacións e insuficiencias: así, a próxima etapa deberíamos adicar máis tempo, espazo e recursos ao debate e intervención nas novas formas de emancipación social e ás novas respostas que debemos dar ás necesidades orixinadas nesta fase neoliberal do capitalismo.

1.a.x. Confirmamos o que xa sabiamos: que EU ten un gran aporte cualitativo a calquera espazo de unidade. Este é: a solvencia programática que destacamos nos nosos cadros e cargos públicos, a gran bagaxe política e interna da nosa organización e da nosa militancia, ao chegar tamén da fonda tradición histórica da que provimos, a cultura unitaria que nos é tan propia, etc.

1.a.xi. Sabemos agora, que os novos tempos políticos expoñen novos retos e que, para afrontalos, debemos profundar como organización na experiencia habida, na procura de novas solucións ás contradicións que sempre existirán pero, en calquera caso, evitando volver á cultura pechada que nos proxectaba cara á pantasma da ruptura noutros tempos.

1.a.xii. Pola nosa historia sabiamos da importancia do municipalismo, pero nesta nova etapa soubemos que a irrupción cualitativa das mareas municipalistas goza dunha enorme potencialidade para practicar políticas alternativas e, posteriormente, para poder gobernar Galicia. É un ensinanza máis que debemos reter porque o local hoxe é diferente e será decisiva no futuro.

1.a.xiii. Constatamos, que os actuais instrumentos unitarios son insuficientes para a intervención política nos tempos que corren. Novas problemáticas, novas realidades, novos instrumentos. É normal pois, que adaptemos os instrumentos á transformación social e, para en consecuencia dar unha perspectiva de goberno de cambio ás novas contradicións sociais.

1.a.xiv. En relación ás áreas de elaboración colectiva sería conveniente revisar o funcionamento das mesmas, pois o resultado é moi desigual entre todas elas, debendo repensar o modelo do que debemos dotarnos para o imprescindible traballo de debate e proposta colectiva. Esta reflexión realizaraa tamén IU Federal nunhas xornadas que se celebrarán en maio deste ano.

1.a.xv. Tamén soubemos dos perigos deste tempo. E é que os novos retos políticos levan riscos que nos deben alertar e debemos previr: a transformación dunha organización de loita, situada no conflito social que fomos sempre a unha organización que puidese quedar encadrada no meramente institucional. Outras veces vivimos perigos semellantes e non sempre soubemos abordalos de acordo cos nosos principios. Sinalemos de novo os riscos con vontade política de evitalos.

A NOSA ORGANIZACIÓN NESTES CATRO ANOS

Non foron catro anos fáciles para a nosa organización, especialmente por conter catro procesos electorais complexos, con escenarios de participación e achega militante diferentes que requiriron do esforzo colectivo da nosa organización para que

Esquerda Unida e o seu proxecto político estivese á vangarda dos procesos políticos que se deron en Galicia e no conxunto do estado.

Fomos a Federación de IU que máis veces reuniu ao seu máximo órgano político, o consello político nacional e fixemos varias conferencias monográficas: sobre Europea, sobre o modelo de estado, proceso preparatorio asembleario federal, etc., ademais de centenas de xuntanzas coas agrupacións locais e comarcais.

Un acerto sen dúbida, e que foi baluarte importante para este traballo político, foi abrir a organización e a súa estrutura de toma de decisións e debate político; apertura que se concreta na normalización do censo das persoas inscritas que recolle a Unidade de Afiliación e Recadación (UAR) que, na actualidade ascende a 2.400 que participan nas nosas asembleas e toma de decisións políticas. Ese caudal activista do que nos dotamos ten que seguir sendo un aporte político importante e é tarefa das nosas estruturas locais manter contacto permanente con eles e elas nas tarefas políticas concretas.

Hoxe en EU temos máis asembleas locais constituídas que en 2013 , pero tamén é certo que debemos mellorar na procura de extendernos organizativamente; especialmente no interior de Galicia. Na actualidade, temos máis de 40 cargos municipais, alcaldías, cargos públicos autonómicos e nas Cortes Xerais.

En termos financeiros melloramos a financiación ás agrupacións, cedendo a integridade da cota que correspondería á estrutura nacional (según Estatutos sería 25% ao Federal, 25% nacional e 50% aos comarcais) ás agrupacións para o seu funcionamento político.

EU debe superar o actual modelo organizativo para achegarnos a unha organización áxil, tal e como fixo xa IU na última Asemblea Federal.

A GALICIA DE HOXE

Compañeiras e compañeiros, ata aquí fixemos o percorrido dun tempo certamente acelerado nos cambios sociais, políticos, electorais, etc. Tamén vimos como neste tempo evolucionou a nosa organización. Aínda que sexa sucintamente convén deternos agora na radiografía do noso país, nos problemas reais da cidadanía galega.

O problema central da Galicia actual segue sendo a desigualdade social, o desemprego, a desprotección, a pobreza e a exclusión social. Un país no que os máis ricos son cada vez máis ricos e cada vez achegan menos ás arcas públicas, arrasado pola desindustrialización, a desinversión pública, cunha caída do gasto público imprescindible para os intereses que pretenden seguir recortando e debilitando os servizos públicos (sinaladamente dependencia, benestar social, educación e sanidade).

Un país cunha débeda pública ostensiblemente multiplicada por Feijóo e contraída, paradoxalmente, para seguir contraendo débeda. A débeda como unha soga disposta a xustificar o austericidio social e económico en Galicia. Un país disposto a consolidar a terceirización (fundamentalmente turismo) retrocedendo en investigación, a innovación e o desenvolvemento, expulsando ás persoas investigadoras del e sacudido pola pantasma da emigración que rexorde como único futuro para miles de persoas, especialmente novas. Só que, neste tempo, ademais, marcha unha mocidade especialmente formada que debería ser o alicerce do noso futuro. En consecuencia, unha Galicia que envellece.

Feijóo como disciplinado alumno neoliberal basea a súa política no espolio dos recursos naturais de Galicia, cunha total ausencia de visión sustentable das políticas ambientais, en particular do noso rico medio natural (montes, rías, ríos, costas), obviando o necesario cambio cara á transición enerxética. Exemplo sanguento destas políticas, témolo en particular coa pretendida concesión de minas por todas as partes a multinacionais estranxeiras, así como no caso da fraudulenta legalización da planta de gas e a prórroga da concesión de Ence por un período de 60 anos en período de disolución das Cortes.

Finalmente, característica da acción de goberno de Feijóo é a práctica de políticas que acentúan a discriminación da muller, manténdoa en posicións de subalternidade. Así o vimos na redución orzamentaria en políticas de igualdade, no mantemento dos centros educativos concertados que segregan por sexos, a Rede Nai e outras.

Esta é a Galicia real que sufriu e sofre as políticas do PP.

Agora ben, estas políticas recibiron forte contestación nas rúas e procesos de mobilización apoiando visións alternativas das mesmas. Desde a anterior Asemblea de EU, os cambios non se produciron só no terreo político partidario ou electoral, o 15 M inaugurou unha nova etapa de mobilización que, con altibaixos, hoxe sostense. Polo tanto, o terreo de combate político estivo, tamén, nestas loitas sociais e no empoderamento da cidadanía.

Reteñamos o que foi ese ciclo de mobilización e os seus fitos máis relevantes

- As loitas en defensa da sanidade pública que provocaron, nun feito sen precedentes, a dimisión da Conselleira.
- As múltiples accións en defensa da educación pública, contra a LOMCE, a Lei Wert e outras. Destacamos o relevante traballo desenvolvido pola área de educación de EU.
- Participamos activamente nas Marchas da Dignidade e cooperamos con este movemento de maneira transversal.
- As loitas e mobilizacións fronte á Lei de acuicultura que conseguiron a paralización da aprobación lexislativa.
- As manifestacións en favor das persoas estafadas polas preferentes e outros produtos de risco bancario

-
- A solidariedade cos e cas pensionistas retornados tratados polo Ministerio de Economía como delincuentes.
 - As accións, concentracións e manifestacións feministas en defensa da igualdade entre homes e mulleres e contra o machismo na nosa sociedade.
 - As accións de reivindicación en favor de tratamento para a Hepatite C, tras as cales foron aportados en parte, os devanditos fármacos ás persoas que o necesitan.
 - As manifestacións en defensa do naval público e privado (crise polo Tax Lease), das industrias electro intensivas (caso de Alcoa Coruña e San Cibrán), a automoción en Vigo e os fenómenos de deslocalización que poñen en xaque estes sectores produtivos.
 - Manifestacións en defensa de sectores produtivos estratéxicos: reparto da cota de pesca, defensa da pesca tradicional, defensa do sector gandeiro; en particular, o prezo do leite e un modelo que debe sosterse nos principios da soberanía alimentaria.
 - Multiplicidade de accións en defensa da preservación do medio natural: minas en Corcoesto e outras, Reganosa, ENCE, A Fracha, nas políticas de prevención de incendios forestais.
 - Accións en reivindicación do cumprimento da Lei da Memoria Histórica.
 - Manifestacións contra a LGTBI-fobia.
 - Campañas en defensa dos dereitos dos animais.
 - Manifestacións e mobilizacións en defensa do dereito á vivenda e, participación activa nos desafiuzamentos existentes.
 - Loitas, de todo orde, en favor dos servizos públicos.
 - Manifestacións en defensa dun servizo público de emerxencias (bombeiros, 112, 061...) privatizado polo PPdG.
 - Accións contra a estafa financeira; en particular contra a venda de NGB e EVO.
 - Mobilizacións e campañas contra a lei Gallardón (manifestacións das togas) que lograron a dimisión do ministro Gallardón.
 - Accións en defensa do dereito das persoas refuxiadas a un país de acollida e, a loita pola paz.
 - Mobilizacións en apoio ás traballadoras do telemarketing.

A participación e cooperación da nosa organización nas Marchas de Dignidade, supón unha aposta clara pola vontade de fortalecer o que consideramos o espazo de maior Unidade Popular en canto á mobilización. No seu inicio aglutinou multitude de persoas, colectivos e

organizacións cun obxectivo común, recuperar os nosos dereitos. As Marchas da Dignidade marcaron un ciclo de mobilizacións cuxo auge máximo foi o 22M coa convocatoria estatal capaz de reunir a práctica totalidade dos colectivos en loita pola vivenda, servizos públicos, contra a LOMCE, RSP, despidos colectivos, sanidade, etc.

A partires das eleccións europeas dese mesmo ano 2014, as mobilizacións foron perdendo intensidade. A nivel organizativo, vímonos inmersos nun continuo compromiso electoral durante os anos seguintes o que condicionou en todos os aspectos a mobilización. As Marchas da Dignidade siguen na loita e nós con elas por ser o espazo de unidade cuxo obxectivo é reivindicar e dar cobertura a todas as loitas que de novo voltan a estar activas e invisibilizadas.

Galicia tivo no accidente do Alvia un paradigma das políticas do bipartidismo que nos gobernou neste tempo. A morte de 81 persoas revelou a estafa do sistema ferroviario galego e evidenciou a crise do sistema de emerxencias de Galicia, sostido só pola gran profesionalidade de todo tipo de traballadores e traballadoras. As mobilizacións e accións sobre esta cuestión foron e, continúan sendo centrais.

A loita contra a corrupción foi un fito importante en Galicia. Formou parte da mobilización deste tempo, na rúa e na conciencia cívica. O rexeitamento á corrupción hoxe é hexemónico. Así foi en Galicia, onde temos máis de cen cargos públicos investigados por corrupción, onde o noso papel como EU foi moi relevante (personacións como acusación popular, denuncias sobre carrexo de votos e outros). Ese papel de EU corresponde, igualmente, ao papel que IU xogou no conxunto do Estado (Bárceñas, Bankia...)

En toda esta onda de mobilizacións quedan reflectidas dúas cuestións:

- 1.- Que existe potencialidade dunha visión alternativa ás políticas de Feijóo e do bipartidismo; é dicir, que non estamos condenadas a pensar que non hai capacidade de hexemonía nunha visión alternativa de país.
- 2.- EU estivo en todas esas mobilizacións de forma singular, participando de distintos modos (impulsándoas, reforzándoas, con campañas propias, etc.)

Para EU este relato de mobilización social é transcendental. Non construiremos espazo político alternativo, de ruptura democrática sen entender que un espazo hexemónico social, cultural e político do PP ten polas loitas que houbo un cuestionamiento profundo da súa hexemonía e un apuntamento da necesidade de políticas alternativas. A isto é ao que debemos adicar as nosas tarefas fundamentais que, con posterioridade trasladarase ao espazo do político.

A PERSPECTIVA POLÍTICA PARA UNHA GALICIA DO FUTURO

Compañeiros e compañeiras,

Trátase agora con este informe de debater a perspectiva política do futuro de Galicia. Apuntar a aposta estratéxica de EU.

Como vimos, acabamos de describir as loitas deste tempo como expresión dunhas necesidades e vontades de políticas alternativas que expresan potencialidades para construír o futuro do noso país e conteñen os elementos esenciais de ruptura democrática.

Neste sentido, estes catros anos dannos un panorama das organizacións sociais, non sempre homoxéneo, pero significativo. Así, por exemplo, o activismo demostrado polas mareas en defensa da sanidade pública e o ensino. As plataformas, colectivos e organizacións en defensa do medio ambiente. Os colectivos feministas, etc. Todo iso, constitúe hoxe un magma de resistencia e proposición que é fundamental para construír a alternativa. Agora ben, colectivos, particularmente afectados polas políticas neoliberais no noso país (xente moza, precarias, desempregadas, traballadoras, pensionistas, mulleres) precisan dun apoio constante da nosa parte e un maior desenvolvemento das súas organizacións e loitas.

Pensamos que no tempo que vén a nosa acción política non debe bascular tanto no electoral e si, claramente, no social.

En efecto, ata agora construímos espazos de unidade electoral. A tarefa de EU, na nova fase deberá ser a construción de espazos sociais e de intervención política para a loita pola hexemonía, no que o electoral sexa subsidiario do anterior. Por dicilo claro, ata agora non nos foi posible construír verdadeiros espazos de unidade popular. Foron sinxelamente, plataformas electorais e aínda así, diversas e constantemente reformuladas. Debemos pechar esa etapa.

Analizamos no capítulo inicial o proceso complexo e desigual que impulsamos, no seu día desde AGE ata chegar á actualidade de En Marea. Imos definir en que momento nos atopamos nese marco unitario, que contradicións temos hoxe, cal é a aposta de fondo de EU e que proxectos non son de unidade popular.

Cremos que hoxe todas nós coincidimos e recoñecemos a especificidade política de Galicia. Podemos afirmar que Galicia constitúe un ecosistema político propio. Non é unha afirmación de carácter histórico nacional, que tamén, senón que responde o proceso de ruptura de espazos políticos que describimos como consecuencia da crise do bipartidismo, do Nunca Máis e da irrupción do 15M. Nesta Asemblea debemos sancionar que esta especificidade é de carácter irreversible e que EU deberá, en calquera caso, operar sobre ela.

É máis que probable que, consecuencia do anterior, Galicia non poida seguir mimeticamente nin as experiencias das nosas compañeiras en Catalunya, que o 8 de abril iniciaron un proceso irreversible de configuración dun novo suxeito político unitario, o que denominaron un *novo demos* nin, tampouco, a aposta que para o estado fixo a XI Asemblea de IU nese ou similar sentido.

Galicia, vai ter, con toda seguridade, unha folla de ruta propia para a unidade popular. Un espazo de intervención política singular, galego e, aínda máis, con toda probabilidade cunha *carta de navegación* non acabada, flexible e, nada ríxida en canto tempos e formas. Nestes momentos seguimos, pois, en fase de experimentación.

¿Que é en consecuencia o importante para EU neste contexto? Participar e intervir nos ámbitos de unidade popular que van na dirección que antes expuxemos, sen obsesionarnos en

determinar a resultante das plataformas electorais a construír no futuro. Sen inxenuidades, obviamente. Esa é nosa mellor maneira de empuxar unha tarefa de enorme transcendencia: avanzar na construción dun bloque histórico.

E iso, porque, na actualidade, a nosa En Marea avanza nun terreo contrario ao seu espírito constituínte, do cal nos reivindicamos. É dicir, queremos unha En Marea participada, horizontal, plenamente democrática, rupturista, plural e con liderados compartidos. En todo caso, nós, non coprotagonizamos o percorrido desde AGE ata hoxe para reconfigurar un espazo nacionalista 2.0. Nacemos para derrubar fronteiras entre a esquerda, non para levantar novos muros que non conducen senón á nada.

E iso é particularmente importante porque da resolución positiva do que debatemos hoxe En Marea depende que poidamos intervir ante unha nova fase política que, aínda que do estado incide de cheo en Galicia. O que ten que ver coa crise da socialdemocracia e, en particular co XXXIX Congreso do PSOE. Fito fundamental que condicionará os nosos espazos políticos e os doutras forzas. A crise do PSOE non é unha crise de liderado, nin se liquida facilmente con estratexias de maquillaxe.

Neste sentido, unha saída do Congreso do PSOE con Susana Díaz á fronte suporá a acentuación dun xiro á dereita; deixará orfos a sectores de esquerdas do PSOE e do seu electorado; reducirá o imaxinario dun PSOE a un socialismo meramente do sur do Estado e afastado das novas xeracións de votantes. Un triunfo de Pedro Sánchez, con toda probabilidade, non asegurará unha estabilidade dese partido dado que os poderes fácticos do mesmo e do réxime non recoñecerán a súa vitoria senón dun modo formal.

Así que, debemos prepararnos para unha tarefa nova: ampliar a perspectiva do noso proxecto político para dirixirnos a amplas maiorías, a sectores aos que ata agora nos diriximos, pero que aínda non ven en nós o seu referente. Esa é unha tarefa de nova orde. Todo iso non só no electoral, senón tamén no político, no programático, no mediático.

Noutra orde de cousas, tanto a lectura reaccionaria do bipartidismo no seu conxunto da Constitución do 78, como o proceso evidente de dereitización do PP que nos leva con descaro á España previa á transición política, van situar nos próximos tempos os debates de orde constituínte aos que aludimos nas Teses políticas desta XII Asemblea, e fan necesario situar o combate político en Galicia en clave de incorporar o noso país ao proceso de ruptura democrática que está máis avanzado noutros territorios do Estado.

Referímonos, tamén, ás tarefas que EU ha de afrontar na etapa relativa ás próximas eleccións municipais. Neste proceso deben implicarse de cheo as Asembleas de EU porque as municipais do 2019 son o reto para consolidar as bases do proceso de ruptura democrática desde os municipios. Pero tamén porque debemos ensanchar a rede de cidades do cambio na Galicia de cidades medias e rural. A extensión territorial de candidaturas de unidade popular en Galicia (que debemos ver como de contido e fisionomía moi diversa) debe constituír o alicerce sobre o que asentar a nosa proposta de goberno futuro de Galicia. Esa tarefa xigante se se quere, non debe ir en detrimento de unha coherencia programática alternativa e menos

pondo en cuestión os procedementos e o carácter ético das candidaturas nas que participe EU no conxunto de Galicia.

Finalmente, compañeiros e compañeiras, falemos de nós, da EU que necesitamos nesta nova fase. A grandes liñas:

- Estamos convencidas de que a nova etapa política terá en Galicia características propias como vimos nestes anos. Non será unha mimese de experiencias máis avanzadas ou menos do conxunto do estado. Seremos nós quen deberemos acertar ou errar na nosa política. Require madurez, solvencia, audacia e autonomía de elaboración e proposta. Dentro, iso si das políticas de confluencia, unidade popular e ruptura democrática que compartimos cos compañeiros e compañeiras do resto do Estado.
- Necesitamos unha organización máis dúctil, máis versátil, máis áxil, máis capaz en definitiva para adaptarse a ciclos políticos moi dinámicos hoxe en día, cambiantes, etc. Tensionada no sentido dunha militancia máis activa.
- De mulleres. Máis feminizada e máis presente nas políticas de igualdade e, cando falamos de feminizar a política falamos non só de presenza de mulleres nos órganos de dirección e nas candidaturas senón de cambiar as prioridades a favor de axendas e organización de espazos e tempos políticos habitables para nós. Falamos de cambiar as formas de relación e de poder cooperativas.
- Debemos propornos rexuvenecer vivamente a nosa EU e as súas direccións políticas.
- Cremos que a actitude política destes tempos é a da unidade fronte á imposición neoliberal. Por iso, o unitario non é unha categoría senón unha esencia e aínda que avanzamos moito, EU debe seguir profundando na súa cultura unitaria. Ten razón de ser, dada a complexidade do espazo unitario en Galicia, as súas especiais contradicións en absoluto resoltas. Debemos de estar na vangarda do espazo político unitario alí onde sexa posible. O que non quere dicir que EU deba confluír neses espazos desde a inxenuidade dado que, nalgúns, lonxe do que se verbaliza, restan hábitos da vella política.
- A pesar dos avances, debemos mellorar no traballo colectivo, na proxección de cadros, na pluralidade de portavocías e referentes; en definitiva, en liderados plurais que fagan de EU unha organización sen inxenuidades respecto do seu futuro.
- Finalmente, vivimos na era da comunicación. É unha obviedade. E non imos facer política efectiva hoxe, sen abordar a mellora do noso traballo no ámbito de comunicación de masas. Polo tanto, debemos continuar o traballo de mellora dos nosos instrumentos de comunicación para chegar á maioría social.

Finalizo xa,

As miñas últimas palabras como coordinadora quero que sexan para agradecervos a todas e todos os que aquí estades e a toda a militancia de EU, como sempre, o seu traballo, a súa entrega, a súa xenerosidade e comprensión nestes tempos que nos comportaron enormes sacrificios a todas nós, pero tamén de enormes alegrías e compensacións.

Sodes o mellor que ten a nosa organización, o voso exemplo, compañeirismo e solidariedade é o que me levo de vós e desexo, que este tempo compartido, sexa frutífero para o mañá de EU, así como anhelos que sirva para cambiar o mundo de base que é o soño ao que non renunciaremos nunca.

Santiago de Compostela, 14 de abril do 2.017.

[]